

**Compromiso cunha alimentación saudable**

## **EROSKI INCORPORA A ETIQUETAXE NUTRI-SCORE EN MÁIS DE 300 PRODUTOS DA SÚA MARCA PROPIA**

- **As novas referencias incorporadas nesta primeira metade do ano inclúen frescos e alimentos envasados**
- **Esta etiquetaxe nutricional avanzada, pioneira en Europa, supón un importante avance para facilitar unha alimentación máis saudable a través dunha maior transparencia informativa sobre a calidade nutricional dos alimentos**
- **Nutri-Score está validado polo Ministerio de Sanidade e a Unión Europea, conta co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS) e avalárono máis de 8.500 socios clientes de EROSKI que o valoran como sinxelo, útil e práctico**

**Elorrio, 10 de setembro de 2019.-** As tendas [EROSKI](#) xa dispoñen de máis de 300 produtos da súa marca propia con etiquetaxe Nutri-Score, que os clasifica segundo a súa calidade nutricional. As primeiras referencias con esta etiquetaxe nutricional avanzada -unha conserva de tomate triturado, un pack de patacas para cociñar ao vapor en microondas e unha conserva de tomate seco en aceite- chegaron aos establecementos de EROSKI a comezos de ano, e converteron a insignia en pioneira na distribución española en incorporar Nutri-Score. A súa implantación progresiva suma novos produtos alimentarios, incluídos frescos, e a previsión é elevar a máis de 1.400 as súas referencias de marca propia con este modelo de etiqueta no 2020.

*"O noso compromiso co fomento dun consumo responsable impúlsanos non só a mellorar os produtos, senón ademais a contribuír activamente á difusión e educación social sobre hábitos alimentarios saudables. A transparencia informativa sobre a calidade nutricional dos alimentos é un aspecto crucial para configurar unha dieta equilibrada. Por iso a finais do 2018 tomamos a decisión de adoptar voluntariamente a etiquetaxe nutricional avanzada Nutri-Score para os nosos produtos de marca propia. Coa súa incorporación, o consumidor pode coñecer de xeito sinxelo a valoración nutricional global de cada produto para poderlo comparar con outros semellantes e así elixir con mellor criterio para poder levar a cabo unha alimentación equilibrada, máis saudable e sostible",* explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

O modelo Nutri-Score creárono académicos das Ciencias da Alimentación, está validado polo Ministerio de Sanidade e a Unión Europea e conta co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS). Os Socios Cliente de EROSKI avalaron a proposta a través dun proceso participativo posto en marcha antes de tomar a decisión da súa incorporación. O 85% dos máis de 10.000 Socios Cliente que participaron amosáronse a favor desta iniciativa porque consideran a etiquetaxe un modelo máis útil, claro, completo e comprensible, e a ferramenta idónea para unha mellor elección nutricional.

A avanzada etiquetaxe Nutri-Score presenta unha clasificación global do produto en función da súa calidade nutricional, nunha sinxela escala de cinco niveis indicados cada un por unha letra e unha cor (do "A" verde escuro ao "E" laranxa escuro). Os cálculos atenden ao contido por 100 gramos das calorías do produto, dos nutrientes beneficiosos para a saúde que contén (fibra, proteína, cantidade de froita, verdura, froitos secos e legumes), e dos nutrientes do produto dos que se recomenda reducir a inxestión (graxas saturadas, sal e azucres).

### **Pioneiros en etiquetaxe nutricional avanzada dende hai máis dunha década**

EROSKI foi pioneira en ofrecerlle unha etiquetaxe nutricional avanzada ao consumidor ao incorporar no 2007 o Semáforo Nutricional no envase dos seus produtos. Supuxo un grande avance no seu momento e hoxe está presente en todos os artigos da súa marca propia. Permítelles aos consumidores coñecer dunha simple ollada a cantidade de calorías, azucres, graxa, graxa saturada e sal que achega unha porción de consumo dun produto e mais as súas porcentaxes sobre o consumo diario, a través das cores verde, amarela e laranxa a xeito de semáforo, tal e como o seu nome indica.

Agora o Semáforo Nutricional convive coa nova etiquetaxe Nutri-Score. *"En EROSKI apostamos por desenvolver un modelo obxectivo e fundamentado na información e recomendación das opcións máis equilibradas de cada variedade, tal e como recollen os nosos [10 Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#). Por iso procuramos estar sempre á vangarda en materia de transparencia informativa e apostar polos sistemas máis avanzados para facilitar que as persoas consumidoras poidan tomar as mellores decisións ao deseñaren a súa dieta",* afirmou Martínez Berriochoa.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)